

ASOCIACIÓN DE PROPIETARIOS DE MONTE DO MORRAZO



ESTATUTOS

ÍNDICE

TÍTULO PRIMEIRO.	
Denominación, domicilio, ámbito, natureza, fins e financiamento.....	3
TÍTULO SEGUNDO.	
Das fincas.....	4
TÍTULO TERCEIRO.	
Dos asociados/as.....	5
TÍTULO CUARTO.	
Os Órganos de Goberno da APMM.....	7
Capítulo Primeiro.- Da Asemblea Xeral.....	7
Capítulo Segundo.- Da Xunta de Goberno.....	8
Capítulo Terceiro.- Do Presidente/a, Secretario/a, e Tesoureiro/a.....	10
TÍTULO QUINTO.	
Da ordenación económica.....	11
TÍTULO SEXTO.	
Do réxime xurídico.....	11
TÍTULO SÉPTIMO.	
Da disolución da Asociación.....	12
DISPOSICIÓN ADICIONAL.....	12
DISPOSICIÓN TRANSITORIA.....	12

TÍTULO PRIMEIRO.

Denominación, domicilio, ámbito, natureza, fins e financiamento.

Artigo 1º.- Denominación.

A Asociación de Propietarios de Monte do Morrazo, abreviadamente APMM, constitúese como ASOCIACIÓN sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e rexerese polos presentes Estatutos, ademais de polas disposicións legais que lle sexan de aplicación.

Artigo 2º.- Ámbito e domicilio.

A APMM circunscríbese ao territorio da Península do Morrazo. O seu domicilio ou sede fíxase en Marín, (Pontevedra), C.P. 36913, no lugar de Castro, nº 14. Non obstante, o domicilio poderase modificar por acordo adoptado pola Asemblea Xeral, o cal será notificado ao Rexistro de Asociacións.

Artigo 3º.- Natureza e fins.

A APMM é unha asociación da que forman parte propietarios/as de fincas ubicadas nos montes do Morrazo.

Ten como finalidade a mellora da produción forestal e a rendibilidade dos montes privados, contribuír ao desenvolvemento social, medioambiental e económico da comarca do Morrazo e a creación de emprego.

Para acadar ditos obxectivos, a APMM, en colaboración cos propietarios/as, impulsará as seguintes medidas:

-Localización de fincas: Axudará á localización de fincas, verificar o nome dos seus propietarios/as e lindeiros/as, e a actualización do censo catastral.

-Agrupación de fincas: Apoiará á agrupación de fincas dos seus propietarios/as dentro do mesmo polígono ou polígonos próximos mediante a permuta ou compravenda de parcelas, para favorecer a súa explotación.

-Coidado de fincas: Organizará campañas de limpeza e mantemento do monte, fomentando o saneamento das fincas para a prevención de incendios, pragas, e demais desfeitas naturais que degraden o medio ambiente.

-Ordenamento e mellora do monte: Promoverá iniciativas tendentes a mellorar a estrutura das propiedades; a súa explotación máis rendible e a xestión sostible dos recursos, favorecendo ás especies de flora e fauna autóctonas, por seren

estas as mellor adaptadas ao medio e polo tanto as máis produtivas.

-Emprego: Potenciará a creación de emprego permanente e de calidade no coidado e mellora do monte, na comercialización de produtos, e, indirectamente, noutros sectores como o turismo, a hostalaría e actividades de ocio.

A APMM facilitará información, asesoramento e asistencia técnica aos asociados/as sobre a problemática forestal e ostentará a súa representación diante das administracións, entidades e institucións nacionais e internacionais.

Así mesmo, desenvolverá calquera outra actividade compatible cos obxectivos propostos nos presentes Estatutos e de acordo coa lexislación vixente.

Para os traballos de localización de fincas, limpeza e mantemento, e demais relacionados cos fins da asociación, a APMM contratará traballadores e técnicos especializados, tendo prioridade os traballadores e empresas da comarca do Morrazo.

Artigo 4º.- Financiamento.

O financiamento de APMM farase por:

- a) As cotas dos asociados/as.
- b) As aportacións extraordinarias dos asociados/as.
- c) A prestación de servizos aos asociados/as e a terceiras persoas ou entidades, conforme ós prezos previamente acordados.
- d) As doacións inter-vivos ou mortis causa.
- e) As subvencións de entidades de dereito público ou privado.

Os beneficios acadados pola APMM, por calquera concepto, destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación, sen que se poidan repartir entre os asociados/as nin con outras persoas alleas á asociación con interese lucrativo.

TÍTULO SEGUNDO.

Das fincas.

Artigo 5º.- Ficha-Documento.

Cada propietario/a, ou no seu caso a persoa autorizada, poderá solicitar unha ficha-documento das súas fincas ou parcelas, chegando a un acordo económico do custe que se pode asumir para a elaboración desta. Esta ficha-documento será elaborada por técnicos da asociación. Nela constará como mínimo:

- Nome da finca ou parcela, ocupación, cultivo, extensión e lindeiros.
- Localización xeográfica e información catastral.

Ademais desta información, poderase incluír nesta ficha datos relativos a recomendación sobre o seu mantemento, cortas ou distintos ámbitos produtivos e mellora da rendibilidade.

Artigo 6º.- Rexistro e base de datos.

A APMM levará un rexistro dos datos dos propietarios e das súas parcelas. Estes datos son proporcionados e consentidos polos asociados/as, podendo acceder, rectificar ou borrarse a petición deles, sendo sometido o proceso á Lei de Protección de Datos . A APMM será responsable de gardar e non divulgar eses datos.

TÍTULO TERCEIRO.

Dos asociados/as.

Artigo 7º.- Poderán ser asociados/as todos os propietarios/as de monte localizado na comarca do Morrazo que decidan libremente integrarse na APMM, ben sexan persoas naturais ou persoas xurídicas.

Artigo 8º.- O ingreso na asociación será voluntario, e se formalizará mediante solicitude escrita dirixida á Xunta de Goberno facendo constar todos seus datos persoais (no caso de persoa xurídica acreditando a súa representación), así como os das súas propiedades forestais, especificando referencia catastral, extensión e produtos, e en todo caso, a aceptación explícita das presentes disposicións estatutarias ou das que rexan en cada momento.

Artigo 9º.- A Xunta de Goberno, no prazo do mes seguinte, acordará a súa admisión, comunicándollo ao solicitante e estendendo a correspondente acta de alta de asociado/a no libro Rexistro pertencente á Asociación. No caso de rexeitar a Xunta de Goberno a admisión solicitada, está deberá ser ratificada ou revocada pola Asemblea Xeral seguinte que se celebre.

Artigo 10º.- A APMM levará un Libro Rexistro de Asociados/as, no que figurarán os datos básicos dos membros pertencentes á asociación, antigüidade, así como altas e baixas que se produzan.

Artigo 11º.- Poderán ser Asociados/as de Honra aquelas personalidades ou entidades, xa sexan nacionais ou estranxeiras, que a xuízo da Xunta de Goberno xunten méritos acredores desta distinción.

Artigo 12º.- Dereitos dos asociados/as.

Os asociados/as de APMM terán os seguintes dereitos:

- a) Acudir aos servizos de APMM na procura de asesoramento para a localización e sinalización das fincas.
- b) Recibir información sobre lindeiros/as das súas propiedades a medida que sexan coñecidos por APMM.
- c) Consultar a plataforma ou taboleiro de anuncios para saber de fincas de outros propietarios/as interesados na permuta, compra-venda ou calquera pacto que consideren presentar.
- d) Utilizar os servizos da Asociación e recibir información e asesoramento, na medida do posible, en todo o relacionado coa problemática forestal.
- e) Beneficiarse de posibles axudas económicas de organismos oficiais para proxectos de ordenamento, mellora e aproveitamento sostible do monte.
- f) Coñecer a marcha económica da Asociación, mediante o dereito ao exame da contabilidade da mesma en todo momento.
- g) Decidir sobre os asuntos da Asociación, formando parte das xuntanzas, xuntas e actos para os que sexan convocados, con dereito a voz e voto.
- h) Aceptar e exercer os cargos para os que sexan elixidos e nomeados.

Artigo 13º.- Deberes dos asociados/as.

Os asociados/as da APMM terán as seguintes obrigas:

- a) Cumprir coas disposicións estatutarias e os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno da Asociación.
- b) Pagar a cota anual así como as achegas extraordinarias aprobadas pola Asemblea Xeral, e os prezos pola prestación de servizos que sexan acordadas pola Xunta de Goberno e Asemblea Xeral.
- c) Prestar á Xunta de Goberno información sobre as súas parcelas: referencia catastral, m²., cultivos... e lindantes que figuran nos seus títulos de propiedade, que, en calquera caso, será sempre considerada confidencial.
- d) Colaborar desinteresadamente cos órganos da Asociación, se a iso fosen requiridos, ou por iniciativa propia.

TÍTULO CUARTO.

Os Órganos de Goberno da APMM.

Artigo 14º.- Son órganos de goberno da Asociación:

- A) A Asemblea Xeral, integrada por todos os asociados/as.
- B) A Xunta de Goberno, constituída por Presidente/a, Vicepresidente/a I, Vicepresidente/a II, Secretario/a, Tesoureiro/a e dez vogais.

Capítulo Primeiro.- Da Asemblea Xeral.

Artigo 15º.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo da Asociación. Está formada por todos os asociados/as e os seus acordos son obrigatorios para todos eles, incluso para os ausentes, disidentes ou abstencionistas.

Artigo 16º.- A Asemblea Xeral poderá ser Ordinaria ou Extraordinaria:

- 1º.- A Asemblea Xeral Ordinaria, previamente convocada ao efecto, xuntarase unha vez ao ano dentro do primeiro semestre, para a elección ou anovamento dos membros da Xunta de Goberno, para a aprobación das contas e o orzamento anual, o programa de actividades e demais asuntos que se consideren.
- 2º.- Toda Asemblea que non sexa a prevista no apartado anterior terá a consideración de Extraordinaria, e xuntarase a proposta da Xunta de Goberno ou o soliciten o 20% dos asociados/as.

Artigo 17º.- A convocatoria farase con 15 días de antelación, e nela expresarase: “orde do día”, así como lugar, día, hora da xuntanza en primeira e segunda convocatoria .

Artigo 18º.- A Asemblea xeral quedará validamente constituída coa asistencia da metade máis un dos asociados/as, presentes ou representados, sempre que comparezan o Presidente/a ou un Vicepresidente/a e o Secretario. En segunda convocatoria quedará constituída no término da media hora seguinte, calquera que sexan os asistentes.

Artigo 19º.- A Asemblea Xeral será presidida polo Presidente/a, ou na súa ausencia polo Vicepresidente/a I ou II, actuando como secretario quen o sexa da Xunta de Goberno. O Presidente/a dirixirá a deliberación dos asuntos a tratar, concedendo ou retirando a palabra, e sometendo os mesmos a votación.

Artigo 20º.- Os acordos tomaranse por maioría dos votos emitidos polos asociados/as presentes ou representados. Cada asociado/a ten dereito a un voto. Os asociados/as poderán delegar o seu voto por escrito a outro asociado/a presente, sin que ningún poda representar a máis de catro asociados/as ausentes.

Artigo 21º.- Son competencias da Asemblea Xeral:

- A) A elección da Xunta de Goberno.
- B) Examinar e aprobar, ou formular os oportunos reparos, á xestión da Xunta de Goberno, aos Presupostos, contas, inventarios, balances e memoria da Asociación.
- C) A aprobación das cotas anuais, achegas extraordinarias e os prezos por prestación de servizos propostos pola Xunta de Goberno.
- D) O programa de actividades para o seguinte exercicio.
- E) A ratificación ou revogación de asociados/as ordinarios, ou asociados/as de Honra.
- F) A reforma e modificación dos Estatutos.
- G) A federación ou calquera outro vínculo con outras asociacións.
- H) Acordar sobre as proposicións e asuntos que someta a Xunta de Goberno ao seu exame e aprobación, así como as proposicións que lle presenten os asociados/as na forma indicada nestes Estatutos.
- I) A modificación do domicilio social.
- J) Cantas outras facultades fagan relación á orientación, dirección e goberno da Asociación.

Artigo 22.- Os acordos sobre os puntos F) e G) anteriores, requirirán a maioría cualificada de membros, (2/3 dos votos emitidos).

Artigo 23.- As actas da Asemblea Xeral estenderanse no libro correspondente, e irán asinadas polo Presidente/a e o Secretario/a. As certificacións de actas serán expedidas polo Secretario/a co visto bo do Presidente/a.

Capítulo Segundo.- Da Xunta de Goberno.

Artigo 24.- A Xunta de Goberno é o organo de dirección, goberno, xestión e administración da asociación.

A elección dos membros da Xunta de Goberno efectuarase mediante sufraxio libre e segredo.

Artigo 25.- A Xunta de Goberno estará constituída por: Presidente/a, Vicepresidente/a I, Vicepresidente II, Secretario/a, Tesoureiro/a e dez vogais.

Artigo 26.- Os membros da Xunta de Goberno exercerán o seu cargo durante dous anos, podendo ser anovados por outros dous. Serán elixidos pola primeira Asemblea Xeral que se celebre e anualmente procederase ao seu anovamento por metade. Na primeira quenda serán anovados o Presidente/a, Vicepresidente/a II, Tesoureiro e a metade dos vogais; nunha segunda, o Vicepresidente/a I, Secretario e o resto dos vogais.

Artigo 27.- O nomeamento cesará por morte ou renuncia, e por revogación acordada en calquera tempo pola Asemblea Xeral.

No caso de producirse algunha vacante, a Xunta de Goberno designará á persoa que provisionalmente vaia ocupala, sometendo o seu nomeamento na primeira Asemblea Xeral que se celebre.

Artigo 28.- A Xunta de Goberno xuntarase de xeito ordinario unha vez ao mes, e extraordinariamente por convocatoria do seu Presidente ou a petición do 20% dos seus membros. Será comunicada polo secretario/a con tres días de antelación, excepto nos casos de urxencia. Os acordos se tomarán pola maioría simple de votos.

Artigo 29.- A Xunta de Goberno será presidida polo Presidente/a e na súa ausencia polo Vicepresidente/a. Quedará validamente constituída cando asistan a metade dos seus membros. De todo o tratado o Secretario/a levantará acta e será visada polo Presidente/a.

Artigo 30º.- Son facultades da Xunta de Goberno:

- A) Cumprir e facer cumprir os presentes Estatutos, así como os acordos validamente adoptados.
- B) Convocar as Asembleas Xerais Ordinarias e Extraordinarias.
- C) Propoñer a Asemblea Xeral a distinción de Asociados/as de Honra.
- D) Aprobar ou denegar, no seu caso, as solicitudes de ingreso de asociados/as, e decidir nas causas de baixa, sen menoscabo das facultades da Asemblea Xeral.
- E) Instruír expedientes disciplinarios e aplicar as sancións correspondentes.
- F) Propoñer as cotas e prezos de servizos necesarios para o sostemento da Asociación.
- G) Aprobar a creación de servizos que estime necesarios para o mellor cumprimento das finalidades da Asociación, así como a modificación e extinción dos mesmos.
- J) Propoñer á Asemblea Xeral convocada ao efecto, o cese de membros da Xunta de Goberno. A modificación do domicilio social, a federación ou

vencello con outras asociacións de características análogas, a modificación dos Estatutos e a disolución da Asociación.

Artigo 31.- Os cargos de Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a, e Tesoureiro/a serán incompatibles con calquera outro cargo institucional público, así como dirixir unha actividade de negocio relacionado co sector forestal.

A pertenza a Xunta de Goberno é voluntaria e ningún cargo percibirá retribución algunha polo desempeño de cargo ou función na mesma.

Capítulo Terceiro.- Do Presidente/a, Secretario/a, e Tesoureiro/a.

Artigo 32.- Presidente/a. O Presidente/a ostentará a alta e oficial representación e dirección da Asociación.

Artigo 33º.- Son atribucións do Presidente/a:

- a) Representar a APMM en todos os actos e contratos que se celebren, tanto públicos como de carácter privado.
- b) Presidir as xuntanzas da Asemblea Xeral e Xunta de Goberno.
- c) Levar a firma social, ordenar os gastos e autorizar os pagos.

Artigo 34º.- O vicepresidente/a substituirá ao Presidente/a en caso de ausencia ou por delegación expresa.

Artigo 35º.- Corresponde ao Secretario/a:

- a) A dirección e vixilancia das funcións técnicas e administrativas.
- b) A responsabilidade do arquivo de toda a documentación da APMM, así como rexistros e ficheiros.
- c) Redactar actas e autorizalas coa súa sinatura.
- d) Cursar as convocatorias de xuntanzas e a organización das mesmas.-

Artigo 36.- O Tesoureiro/a ademais de exercer a custodia dos bens sociais, terá as seguintes funcións:

- a) Verificar e intervir os ingresos e pagos, administrando os recursos da Asociación.
- b) Organizar a contabilidade, de forma oficialmente determinada, informando sobre a mesma aos órganos de goberno da Asociación.
- c) Confeccionar e realizar inventarios, balances e presupostos da Asociación. Nesta labor estará apoiado/a polo Vicepresidente/a II.

TÍTULO QUINTO.

Da ordenación económica.

Artigo 37.- A APMM poderá contraer obrigacións crediticias, previo acordo da Xunta de Goberno, con entidades financeiras e organismos oficiais.

Artigo 38.- Compete a Xunta de Goberno acordar a solicitude e aceptación de subvencións, aportacións e axudas de carácter oficial ou particular, a favor da asociación, así como as achegas desta a outras entidades.

Artigo 39.- A responsabilidade da APMM a todos os efectos e especialmente nas súas relacións con terceiros, quedará limitada ao importe que en cada momento constitúa o activo da asociación.

As responsabilidades dos asociados/as polas operacións sociais da entidade, se limitarán ao valor das garantías que comprometeran especificamente, ou ás que se viran obrigados conforme aos Estatutos e aos acordos validamente adoptados.

Artigo 40°.- A APMM fará fronte aos gastos de funcionamento da asociación que, incluídos nos Orzamentos anuais e aprobados na Asemblea Xeral, estean debidamente xustificadas.

TÍTULO SEXTO.

Do réxime xurídico.

Artigo 41°.- Os Estatutos constitúen a norma xurídica de obrigada observancia para a APMM, e a fonte primordial das súas funcións e actividades, con valor de pacto social polo que se rexerán todas as relacións dos asociados/as coa entidade.

Artigo 42°.- Non serán válidos, e se considerarán nulos, os acordos dos órganos de goberno da Asociación que estivesen en contradición coas prescricións dos Estatutos.

Artigo 43°.- Os cargos electos, en canto ao réxime disciplinario, estarán suxeitos ás mesmas normas que se establecen nos Estatutos para os asociados/as.

Artigo 44°.- Para as sancións que houbese que aplicar aos asociados/as , en conformidade cos Estatutos, esixirase a incoación de expediente, do que será instrutor un membro da Xunta de Goberno, que será elixido en votación secreta pola mesma.

TÍTULO SÉPTIMO.

Da disolución da Asociación.

Artigo 45°.-

1°.- A disolución de APMM só poderá producirse polas causas que prevea a lexislación vixente, ou por acordo da Asemblea Xeral celebrada ao efecto, ben a instancia da Xunta de Goberno ben de polo menos o 20% dos asociados/as.

2°.- A convocatoria deberá recoller expresamente este punto na orde do día e ser comunicada aos asociados/as con un mes de antelación.

3°.- A Asemblea Xeral requirirá aprobar a disolución por 2/3 dos votos emitidos ou polo menos da metade máis un dos afiliados/as, sen que se acepte excepcionalmente neste caso a delegación do voto prevista nos Estatutos.

Artigo 46°.- No caso de disolución, nomearase pola Asemblea Xeral unha Comisión Liquidadora, que procederá a cancelación das obrigas pendentes, a asegurar as que non sexan realizables no acto, e a liquidación do patrimonio da Asociación. O destino do remanente, se o houbese unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma que teña iguais ou similares fins que os desta asociación. O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder a inscrición da disolución da asociación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

APMM, en todas as súas relacións e actuacións, someterase aos Xulgados e Tribunais de Pontevedra.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Ata a celebración da Asemblea Xeral, na que a APMM será presentada aos propietarios/as de monte dos concellos do Morrazo, a Xunta provisional de Goberno estará formada por Presidente/a, Vicepresidente/a I, Vicepresidente/a II, Secretario/a, Tesoureiro/a e dez vogais. A Xunta de Goberno será elixida na asemblea constituínte da Asociación.